



Campaña contra a fame 2021 | Manos Unidas

Contaxia solidariedade para acabar coa fame

O próximo 14 de febreiro celebraremos a Xornada da Campaña contra a fame de Mans Unidas, como facemos todos os anos nestas datas unidos a toda a Igrexa en España.

Mans Unidas é a ONG da Igrexa católica que traballa para apoiar aos pobos do terceiro mundo no seu desenvolvemento e na sensibilización da poboación española. É unha ONG de voluntarios, sen ánimo de lucro, católica e segrar. Os seus obxectivos específicos son a loita contra a fame, a ruína, o desaloxo, a pobreza, o subdesenvolvemento e as causas que os provocan.

A Campaña deste ano ten como lema: "Contaxia solidariedade para acabar coa fame". Unha campaña que nos fala de fortalecer ás persoas máis necesitadas do mundo para acceder a unha alimentación sa, á auga e ao saneamento, á educación, á sanidade, así como a todas as necesidades básicas do ser humano. E, para iso, nada mellor que a solidariedade para facer posible que as comunidades afronten por si mesmas os problemas aos que se enfrontan.

Levamos case un ano padecendo esta horrible crise sanitaria, social e económica que trouxo consigo a pandemia da Covid 19 e sabemos, por desgraza, o que isto significa. Imaxínade o que puidese pasar en España se non houberse un sistema sanitario organizado e eficaz e toda unha rede de solidariedade e compromiso cidadán para axudar a quen lles faltaba alimento e todo o necesario para aliviar a difícil situación de precariedade. Esas cousas fundamentais son as que lles faltan ás persoas coas que traballa Mans Unidas. Por iso é necesario unir o noso esforzo para dotar a esas persoas dos medios elementais para afrontar esta crise mundial.

O compromiso de Mans Unidas coas persoas máis pobres do mundo está guiado polo Evanxeo e pola Doutrina social da Igrexa e quérenos unir a todos na loita contra a fame e a pobreza nos países do terceiro mundo.

O Papa Francisco na encíclica *Fratelli tutti* dinos que a solidariedade e o ben común construíremolos só cando sexamos capaces de considerar ao outro tan importante como a nós mesmos. E engade que construír a fraternidade universal, como Deus nos pide, esixe que vivamos a xustiza e a solidariedade non como metas, senón como accións que se han de repetir todos os días para facer posible un mundo mellor.

Todo o esforzo de Mans Unidas vai encamiñado á construción dese outro mundo mellor que todos desexamos. Ese esforzo é necesario e merece a pena, pero non será posible sen a nosa colaboración.

Pido a todos os fieis e a todas as Parroquias e Comunidades da nosa Diocese de Tui-Vigo que sigamos apoiando a Mans Unidas, como o viñestes facendo noutros anos. Estou seguro que este esforzo non quedará sen recompensa.

Rezo ao Señor por todos vós a fin de que podamos superar este momento tan terrible da pandemia. En tempos así é cando necesitamos vivir máis profundamente a fe e o amor co que Deus nos agasalla).

Unidos na esperanza e na oración,

+ Luís Quinteiro Fiuza.

Bispo de Tui-Vigo.